

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE NOVEMBRO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Proxecto de Lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Begonte do treito inicial da estrada LU-P-0801 Begonte (N-VI)-Veigas de Baltar (LU-541), desde o p.q. 0+000 ao p.q. 0+475.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de desenvolvemento dunha planta de produción de hidróxeno renovable con captura de CO₂ e síntese de metanol verde denominado Green Meiga en Begonte (Lugo), promovido por Iberdrola Clientes.
- Acordo polo que se declaran os parques eólicos Borrasca (84MW), Monzón (50,4MW) e Ventisca (89,6MW) como proxectos cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, cunha función vertebradora e estruturante do territorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se exige de constitución de garantías nos pagamentos á conta derivados da convocatoria para o exercicio 2022 das axudas ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe total de 500.000 euros.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza contratación, polo procedemento aberto, tramitación urxente e anticipada de gasto, das obras de construción da primeira fase do parque acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei, concello do Pereiro de Aguiar (Ourense), polo importe de licitación de cinco millóns setecentos dezasete mil novecentos oitenta e oito euros con vinte e nove céntimos (5.717.988,29 €), IVE incluído, e cun valor estimado do contrato de catro millóns setecentos vinte e cinco mil seiscentos dez euros con dezaseis céntimos (4.725.610,16 €).
- Acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa prevista na disposición transitoria oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais para o establecemento do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se ratifica o informe relativo á localización da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación para a execución da obra do anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña), por importe dez millóns trescentos seis mil setecentos vinte e sete euros con oitenta e nove céntimos (10.306.727,89€), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco dos programas operativos Feder Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2021-2027, expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no artigo 63 Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a exención da obriga de constituír garantía a aqueles suxeitos obrigados, de acordo co artigo 67 do decreto na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura, ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento UE 2021/241, e se convocan para o ano 2023.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas para compensar os gastos do servizo de comedor das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social para o curso 2022/2023 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420F). Importe: un millón douscentos vinte e seis mil trescentos vinte e catro euros (1.226.324,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre as demandas que presenta a Xunta de Galicia ante o vindeiro Cumio Ibérico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA A SUBA ADICIONAL DO 1,5 % DAS RETRIBUCIÓN S DOS EMPREGADOS PÚBLICOS AUTONÓMICOS PARA COMPENSAR OS EFECTOS DA INFLACIÓN

- Explicou que este incremento aplicarase “con efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2022” e calcularase sobre as retribucións vixentes en 31 de decembro de 2021
- Resaltou que os empregados públicos recibirán a contía correspondente antes de que finalice o ano
- O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei polo que se aproba esta retribución adicional
- O obxectivo, segundo explicou o presidente, é paliar os efectos do “aumento do custo da vida” no poder adquisitivo dos empregados públicos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello deo o visto e prace ao proxecto de Lei polo que se aproba a suba adicional do 1,5 % das retribucións dos empregados públicos autonómicos para compensar os efectos da inflación. “Esta suba de salario aplicarase con efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2022”, explicou para resaltar que o obxectivo é que os traballadores reciban esta contía antes de fin de ano.

Rueda fixo fincapé en que a situación económica xerada pola invasión de Ucraína por parte de Rusia e pola crise enerxética motivou “un aumento do custo de vida” polo impacto da inflación que está a impactar “no poder adquisitivo de todas as persoas”.

Con este obxectivo, o incremento adicional aprobado hoxe polo Goberno galego, aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2022, calcularase sobre as retribucións vixentes en 31 de decembro de 2021 e será aboado antes de que remate o ano.

Se temos en conta este incremento extraordinario do 1,5 % e o aumento xa previsto no artigo 11.2 da Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, “o incremento total das retribucións dos empregados públicos no exercicio vixente ascende ao 3,5%”, segundo destacou o presidente da Xunta tras a reunión semanal do Consello.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE BEGONTE DO TREITO INICIAL DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA O CONCELLO CON VEIGAS DE BALTAR

- Transfírense os 475 metros de lonxitude do treito da estrada LU-P-0801, desde o punto quilométrico 0 ao 0+475
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade do treito inicial desta estrada provincial, o Concello terá a competencia para actuar nel e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Begonte do treito inicial da estrada provincial LU-P-0801, que comunica o núcleo urbano do municipio con Veigas de Baltar.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo aprobou o cambio de titularidade a prol deste municipio lucense, dun treito da LU-P-0801: Begonte (N-VI)-Veigas de Baltar (LU-5419), sendo este cambio aceptado pola xunta de Goberno local do Concello.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade deste treito da estrada provincial. En concreto, transfírense os 475 metros de lonxitude do treito inicial da estrada LU-P-0801, desde o punto quilométrico 0 ao 0+475.

A transferencia a prol do Concello de Begonte tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.


COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade, o Concello de Begonte terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Ámbito do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe no Consello da Xunta:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DECLARADO COMO INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA UN NOVO PROXECTO PARA GALICIA QUE PREVÉ A PRODUCCIÓN DE 100.000 TONELADAS ANUAIS DE METANOL VERDE DESDE BEGONTE

- Foresa e Iberdrola estudan levar adiante un investimento de 500M€ nesta proposta que tería un impacto importante na industria local, coa creación de medio cento de postos de traballo indefinidos
- Esta iniciativa inclúe ademais unha planta de tratamento de augas residuais, contribuíndo así ao fomento da economía circular
- O acordo do Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, potenciando a captación de investimentos e a xeración de emprego de calidade, e mantendo ao mesmo tempo todas as garantías xurídicas durante a tramitación do proxecto
- Ata o de agora, son 16 iniciativas as que se adheriron a esta figura en Galicia, cunha mobilización global prevista de preto de 1150M€ e ao redor de 750 empregos

O Consello da Xunta declarou hoxe como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Iberdrola e Foresa co que pretenden impulsar unha planta de produción de metanol verde en Begonte (Lugo). Unha proposta que, de poder materializarse, suporía un investimento de máis de 500 millóns de euros e permitiría producir, anualmente, 100.000 toneladas deste recurso enerxético para ser empregado tanto na fabricación de colas, resinas e adhesivos destinados a unha gran variedade de industrias -entre outras, as de produción de taboleiros derivados da madeira-, como para a súa comercialización no mercado da enerxía.

Para acadar este obxectivo, o proxecto, denominado Green Meiga, ofrece unha solución pioneira ao integrar na mesma localización a produción e uso industrial de hidróxeno verde que, xunto ao dióxido de carbono capturado da caldeira de biomasa, se utilizará como materia prima para o proceso de síntese do metanol. Deste xeito, garántese que a produción deste metanol sexa totalmente renovable. Cómpre destacar tamén que a iniciativa presta especial atención á economía circular, xa que dispón dunha planta de tratamento que permitirá aproveitar os fluxos de augas residuais, reducindo a cantidade de auga final empregada no proceso industrial.

Galicia reforza así a súa aposta pola sustentabilidade industrial no marco da transición enerxética cun proxecto que influirá no tecido económico e social a nivel local, tanto en Begonte como na súa contorna. Tamén está aliñado cos principios da economía verde e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

circular. De feito, vela polo menor impacto ambiental e empregará a enerxía eólica como fonte de subministración eléctrica.

Por outra banda, o seu desenvolvemento suporá un motor de creación de emprego de calidade ao preverse a xeración -tras a súa posta en funcionamento- de medio cento de postos de traballo indefinidos.

Esta declaración -aprobada no Consello da Xunta por petición do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Vicepresidencia económica- enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

Con este novo acordo xa son 16 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas en toda Galicia: Cafés Candelas (Lugo), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Oviganic (Monforte de Lemos), Bionergía (Lugo, Sarreaus e A Laracha), Ignacio González Montes (Ribeira), Hornos de Lamastelle (Carballo), Valogreene Recinor (As Somozas), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Sogama (Vilanova de Arousa), Green Umia (Caldas de Reis, tamén promovida por Foresa e Iberdrola) e, agora, Green Meiga (Begonte). Neste marco, os investimentos totais programados polas empresas roldan os 1.150M€ e o compromiso de xerar ao redor de 750 postos de traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA IMPULSA A TRAMITACIÓN DE TRES PROXECTOS EÓLICOS QUE AXUDARÁN AO OBXECTIVO FINAL DE RECUPERAR A PRODUCCIÓN DE ALUMINIO EN ALCOA SAN CIBRAO

- A tramitación destes parques, ao superar cada un deles os 50MW, depende do Goberno central, polo que desde Galicia se agarda que colabore na súa axilización para que a empresa poida contar canto antes cun prezo eléctrico competitivo
- É unha demostración máis do apoio de Galicia á industria electrointensiva, declarada como esencial e estratéxica para a economía galega
- Trátase da segunda excepcionalidade acordada polo Consello da Xunta -tras a vinculada aos proxectos industriais de Showa Denko na Coruña-, unha figura administrativa que permite estudar a implantación de parques fóra das áreas do Plan sectorial eólico, sempre e cando sexan iniciativas cunha clara incidencia sobre o territorio pola súa entidade económica e social e posúan unha función vertebradora e estruturante na zona

O Consello da Xunta acordou esta mañá impulsar a tramitación de tres proxectos eólicos cos que a empresa Alcoa San Cibrao trata de abaratar a factura eléctrica, requisito indispensable para poder reactivar a produción de aluminio primario, actualmente parada polo encarecemento do prezo da luz. Deste xeito, a compañía podería afrontar con maiores garantías os seus retos de futuro e, polo tanto, gañar en competitividade.

Galicia acóllese, por segunda vez, á figura da excepcionalidade -tras o acordo con respecto a dous proxectos eólicos que poderían beneficiar a planta de Showa Denko na Coruña-. Esta posibilidade está recollida na lei para declarar estes parques -Borrasca (84MW), Monzón (50,4MW) e Ventisca (89,6MW)- como proxectos cunha clara incidencia territorial pola súa entidade socioeconómica e cunha función vertebradora e estruturante do territorio, o que permitirá -no caso de aprobarse- a súa execución fóra das áreas do Plan sectorial eólico de Galicia.

Ao tratarse de tres proxectos eólicos de tramitación estatal, xa que cada un deles supera os 50MW, Galicia agarda a sensibilidade do Goberno central para axilizar os parques e, desta maneira, apoiar unha industria electrointensiva como é Alcoa: os eólicos subministrarán enerxía eléctrica á planta, o que lle permitirá contar cun prezo competitivo que contribúa no futuro á súa viabilidade e a garantir o mantemento dos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

postos de traballo vinculados á planta de aluminio -tanto os empregos en Alcoa como na industria auxiliar e o sector do transporte e a loxística-.

Así, estímase que estes contratos PPA (*Power Purchase Agreement*, acordos de compra de enerxía) entre a compañía e a promotora dos parques eólicos -Greenalia prevé investir 267 millóns de euros-, achegarían o 9 % das necesidades enerxéticas de Alcoa.

Ante a política enerxética do Goberno central e a falta de solucións concretas para a industria electrointensiva, Galicia está a demostrar novamente o seu compromiso con este sector. Cómpre lembrar que a Xunta xa declarou no ano 2020 esta industria como esencial e estratéxica para a súa economía.

De feito, a nova Lei de áreas empresariais de Galicia especifica que, sempre que cumpran coa normativa e con todas as garantías ambientais, se dará prioridade a aqueles proxectos eólicos que destinen o 50 % da enerxía que produzan á industria asentada en Galicia para reducir a súa pegada de carbono. Os parques eólicos que se vinculen ás PPA poderán beneficiarse desta nova normativa que vai favorecer a industria no seu conxunto, como tamén xa están explorando outras empresas.

No caso concreto de Alcoa, ademais, a Xunta concedeu este ano unha axuda de 985.000 euros á planta de San Cibrao para a mellora da súa eficiencia enerxética. En concreto, a empresa investirá 3,4 millóns de euros para a substitución do consumo de fuelóleo por gas natural co obxectivo de reducir en preto dun 3 % o consumo inicial, o que supón máis de 4 millóns de kWh ao ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA PROMOVE A ACTIVIDADE DOS NOVOS CLÚSTERES COMO IMPULSORES DA INNOVACIÓN, A COMPETITIVIDADE E O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DA INDUSTRIA E DOS SERVIZOS

- Mediante este programa de concorrencia competitiva e dotado con 500.000 euros, a Xunta de Galicia impulsa novos ámbitos, especialmente os centrados na economía circular
- Estes apoios da Vicepresidencia Primeira poderán sufragar o 80 % dos gastos, cun máximo de 100.000 euros por entidade
- O programa complementa as axudas outorgadas aos clústeres que xa están consolidados en Galicia, a través dunha liña que desde 2016 leva mobilizados máis de 11,5M€

O Consello da Xunta avaliou hoxe a próxima activación dunha nova liña específica de axudas que ten por obxectivo reforzar a actividade dos clústeres galegos de nova creación. Esta medida busca impulsar a competitividade do tecido empresarial galego, fomentando a innovación e o desenvolvemento sustentable da industria e dos servizos.

Dotada con medio millón de euros, a iniciativa da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación contribúe ao fortalecemento das agrupacións empresariais de recente creación para que mobilicen máis recursos. Ademais, reforza o seu papel activo na definición de estratexias cooperativas nos diversos ámbitos de actividade de especial valor no contexto e tendencias económicas actuais e nos que actualmente non existen estruturas consolidadas.

Mediante este programa, os novos clústeres poñerán en marcha plans estratéxicos e proxectos orientados ao fomento da dixitalización, a innovación e a internacionalización do tecido produtivo. Deste xeito, as axudas darán soporte ao papel dinamizador que estas entidades teñen na actividade económica de Galicia.

O procedemento de concesión dos apoios farase polo réxime de concorrencia competitiva. Así mesmo, os apoios serán do 80 % dos gastos, cun máximo de 100.000 euros por entidade, e prevense pagamentos á conta por un máximo do 80 % da axuda concedida.

Deste xeito, as axudas pretenden consolidar as agrupacións empresariais como pancas de difusión e pezas estratéxicas no impulso de proxectos innovadores, dando soporte á transformación dixital das compañías do seu ámbito de influencia. Tamén favorece a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

promoción de novos ámbitos de negocio transversais, especialmente os centrados na economía circular.

O programa dá continuidade á convocatoria do ano 2021, que supuxo a primeira edición destas bases de apoio a estruturas emerxentes e que permitiu promover proxectos da Asociación Clúster da Biomasa de Galicia, do Clúster da Industria do Deporte e o Benestar de Galicia, e do Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular. Así mesmo, complementa os apoios achegados pola Xunta de Galicia aos clústeres xa consolidados, que contan cunha liña de axudas desde 2016 que leva mobilizados máis de 11,5 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS PISCINAS DE MONTERREI ESTARÁN DISPOÑIBLES EN 2023 GRAZAS A TRAMITACIÓN URXENTE DAS OBRAS QUE RESTAN PARA REMATAR A PRIMEIRA FASE DO PARQUE ACUÁTICO

- Esta primeira fase foi desenvolvida parcialmente de novembro de 2021 ata maio de 2022 -cun avance de obra do 27,84 %- cando o contrato foi resolto por mor da crise
- O novo contrato terá un importe de máis de 5,7 millóns de euros e contará cun prazo de execución de oito meses tras a súa sinatura

O Consello da Xunta deu luz verde ao acordo polo que se autoriza contratación, polo procedemento aberto, tramitación urxente e anticipada de gasto, das obras de construción da primeira fase do parque acuático no Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei cun importe de máis de 5,7 millóns de euros (5.717.988,29 euros). O novo contrato terá un prazo de execución de oito meses.

O Complexo Lúdico Deportivo de Monterrei, situado no Concello do Pereiro de Aguiar a 10 quilómetros da cidade de Ourense, ofrece un marco idóneo para a organización de actividades lúdico-deportivas no medio natural. O complexo conta cunhas instalacións deportivas e acuáticas inauguradas no ano 1985 que hoxe en día necesitan unha remodelación e actualización profunda.

Neste proceso de renovación preténdese integrar dúas zonas diferenciadas pero complementarias. Por unha banda, a zona deportiva foi inaugurada no pasado mes de marzo de 2021 e contou cun orzamento de 1.022.866,17 euros para executar unha pista polideportiva, pistas de tenis, pádel, circuíto de cross e pista de pump track. Por outra banda, a zona do parque acuático desenvolverase en catro fases. Esta primeira fase do parque acuático, cuxo proxecto foi redactado por Naos 04 Arquitectos, S.L.P., foi desenvolvida parcialmente de novembro de 2021 ata maio de 2022, cun avance de obra do 27,84 %. O devandito contrato foi resolto por mor da crise, a alza de prezos no sector da construción e a imposibilidade de continuar coa execución nos termos previstos inicialmente. O obxectivo deste novo contrato é que a zona de piscinas -infantil e tobogáns- estea aberta antes da tempada estival de 2023.

As obras desta primeira fase do parque acuático de Monterrei consistirá na creación dunha nova zona de acceso á parcela e dun aparcadoiro; finalización da construción dun novo edificio de acceso ao complexo, con vestiarios, zona de administración, oficinas e espazos servidores; creación de espazos abertos, prazas e sendas peonís para a organización das circulacións e mobilidade do complexo; nova zona de xogos acuáticos para idade infantil, xunto con edificacións de servizo asociadas e equipamento necesario; finalización da reformulación da zona das piscinas actuais, aproveitando e rehabilitando

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os vasos existentes coa incorporación de novas funcionalidades e tobogáns, xunto con edificacións de servizo asociadas; rehabilitación das edificacións existentes no complexo; creación de novas zonas de lecer xunto a elementos de cubrición e sombra asociados; así como a dotación de novas instalacións de saneamento e abastecemento, con acometidas polivalentes en diferentes lugares do complexo.

Actividade física e lecer

O proxecto de reforma do novo Complexo Deportivo de Monterrei contará cun orzamento total que roldará os 10 millóns de euros e será cofinanciado ao 50 % entre Xuntade Galicia e Deputación de Ourense. A actuación proxectada ten unha clara vocación de servizo ao público xeral, dirixida prioritariamente á xeneralización da práctica da actividade física saudable e da práctica deportiva e do lecer familiar. As novas instalacións permitirán ampliar a actual oferta deportiva e, sobre todo, acadar a súa desestacionalización dando servizo os 365 días do ano.

O futuro parque terá en conta as posibilidades de lecer que rodean a este espazo e que forman parte do actual complexo mantendo a contorna natural, os espazos verdes e a vexetación existente, creando un lugar agradable para os seus visitantes. O complexo deportivo de Monterrei converterase deste xeito nunha referencia de adaptación ao medio e ao contorno natural que rodea o espazo e, por suposto, de sustentabilidade. A eficacia na xestión e a eficiencia enerxética serán aspectos fundamentais para obter unha instalación co maior rendemento social e económico posible.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA PACTA COS SINDICATOS UN NOVO ACORDO PARA DESENVOLVER A CARREIRA ADMINISTRATIVA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

- Resalta que o obxectivo é “impulsar a motivación e a formación continua” dos traballadores a través de complementos que se irán aplicando a medida que progresen na súa carreira
- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste acordo con CC.OO., UXT e CSIF
- Os beneficiarios percibirán de xeito progresivo unha contía anual por cada grao acadado que vai desde os 801€ ata os 2.589€, segundo a súa categoría profesional
- A carreira profesional chegará deste modo a todos os empregados públicos, tanto ao persoal fixo como temporal
- O Consello tamen aprobou hoxe o desenvolvemento da carreira profesional tamén na Administración da Xustiza, acordado por unanimidade na mesa sectorial, que beneficiará a 2.700 traballadores

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello autorizou na reunión desta mañá a sinatura dun novo acordo para desenvolver a carreira administrativa dos empregados públicos no eido da Administración xeral, un sistema voluntario e consolidable de carácter ordinario e extraordinario que recoñece o desempeño do empregado público e a súa formación continua. “Trátase dunha reivindicación histórica entre uns profesionais nos que se busca valorar a experiencia como un activo fundamental”, destacou.

O obxectivo da carreira profesional é, segundo resaltou, “impulsar a motivación e a formación continua” dos empregados públicos a través de complementos que se irán aplicando a medida que progresen na súa carreira. “Estes pluses oscilarán entre 801 e 2.589 € ao ano segundo a categoría profesional”, indicou.

Este acordo acadado coas organizacións sindicais CC.OO., UXT e CSIF e que será asinado nos vindeiros días ten o obxectivo de repoñer os dereitos que xa estaban establecidos no histórico Acordo de concertación social asinado no ano 2019, con UXT e CC.OO. para a mellora do emprego público.

Este acordo recollía, por primeira vez, a implantación dun sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, sistema que foi anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) por instancia da Confederación Intersindical Galega (CIG). O obxectivo do Goberno galego con este novo acordo é que esa sentenza non prexudique os empregados públicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A carreira administrativa ten vocación de estenderse a todos os servizos públicos autonómicos, e dá resposta a unha reivindicación histórica das organizacións sindicais. O obxectivo primordial deste sistema é favorecer a motivación dos empregados públicos e a súa mellor formación, nunha época de grandes cambios tecnolóxicos e organizativos.

Ademais, o Consello da Xunta tamén autorizou o acordo entre o Goberno galego e os sindicatos CC.OO. e UXT polo que se establece un complemento equivalente para o persoal laboral. Deste xeito, o sistema de carreira administrativa estará aberto a todos os empregados públicos (funcionarios e laborais) e independentemente de que sexa persoal fixo ou temporal.

Réxime ordinario e extraordinario

O sistema de carreira administrativa contará con dous réximes de aplicación: un réxime ordinario cun grao inicial e catro graos máis, aos cales se accederá cunha determinada permanenza no grao anterior sempre que se cumpran os requisitos. Para acceder ao grao I é necesaria unha antigüidade de cinco anos desde a adquisición do grao inicial; seis anos desde a adquisición do grao I para o acceso ao grao II (igual que para acceder do grao II ao III); e sete anos desde adquisición do grao III para acceder ao grao IV.

En canto ao réxime extraordinario, ten a finalidade de adiantar os tempos e que os empregados públicos cunha maior antigüidade poidan acceder anticipadamente aos distintos graos.

Para poder progresar na carreira terase en conta, entre outros criterios, a actividade profesional, a formación e innovación, a implicación e o compromiso coa organización ou a participación en iniciativas e programas especiais, en liñas de traballo específicas ou transversais, en procesos de cambio e na implantación de novos sistemas.

Administración de Xustiza

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe o proxecto de acordo entre o Goberno galego e as organizacións sindicais para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, "que vai beneficiar 2.700 traballadores públicos", segundo anunciou Rueda. O acordo, alcanzado por unanimidade na mesa sectorial, supón un incremento respecto ao acadado en 2020 de algo máis de 1,3M€ para este ano e de 1,2M€ para 2023. Con estes aumentos, a Xunta destinará o vindeiro ano 5,7M€ aos pagamentos vinculados ao desenvolvemento da traxectoria profesional.

Segundo o texto aprobado, antes de que finalice este ano abrirose unha nova convocatoria para que o persoal funcionario de carreira e interino ao servizo da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Administración de Xustiza poida solicitar un novo grao I ou o grao II da traxectoria profesional. Permíteselles así a estes traballadores dos corpos de médicos forenses, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial avanzar na traxectoria profesional e mellorar as condicións económicas.

O obxectivo é seguir a avanzar no desenvolvemento da traxectoria profesional, co compromiso firme da Xunta de Galicia con este persoal de corpos nacionais. Cómpre salientar que desde 2009 o cadro de persoal da Administración de xustiza en Galicia medrou un 20 %. Así, "tras a aprobación de 57 novas prazas en 2022", para o vindeiro ano está xa prevista a creación "doutras 24 prazas", segundo explicou o presidente autonómico, para dotar do persoal necesario os tres novos xulgados que se porán en marcha o próximo ano na comunidade, os xulgados de Primeira Instancia número 6 de Lugo, número 15 da Coruña e número 16 de Vigo.

Persoal do Servizo Galego de Saúde

Hai poucos días tamén se acadou un acordo coas organizacións sindicais para que o persoal temporal do Servizo Galego de Saúde se integre na carreira profesional, un acordo que beneficiará a 16.000 traballadores sanitarios. Isto suporá unha suba do 6% nas remuneracións, é dicir, 3.200 euros máis ao ano para os médicos e 2.000 euros máis no caso dos enfermeiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APOIA A IDONEIDADE DA CORUÑA PARA ACOLLER A SEDE DA AXENCIA ESPAÑOLA DE SUPERVISIÓN DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

- O Goberno galego analizou hoxe o resultado do informe do nodo galicia que conclúe de forma unánime que A Coruña é a opción galega con máis posibilidades de ser elixida no proceso convocado polo Goberno
- Os integrantes do nodo galego de intelixencia artificial tomaron a decisión tras analizar un documento no que se cuantificaron máis de 200 indicadores obxectivos
- A decisión sobre a localización desta axencia de nova creación corresponde ao Goberno do Estado
- Con esta iniciativa, a Xunta aposta por vertebrar dixitalmente Galicia, promovendo o desenvolvemento de infraestruturas dixitais con diferentes localizacións no territorio, liña en que seguirá avanzando co desenvolvemento dos diferentes programas en marcha na EGD2030 e nos fondos do PRTR

O Consello de Goberno da Xunta acordou hoxe ratificar o informe sobre a localización da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA) elaborado polo nodo galicia, que sinala que A Coruña é a opción con maiores posibilidades ao ser a que mellor se axusta aos criterios establecidos polo Goberno de Estado.

O documento avalía cuns 200 indicadores correspondentes exclusivamente a eses criterios as localizacións que expresaron ao nodo a súa intención de acoller a AESIA. Tras analizar os resultados concluíron que a que mellor se adapta aos criterios da convocatoria é A Coruña.

A decisión última sobre a localización da AESIA corresponde ao Goberno do Estado, que, ademais dos criterios establecidos na Orde TER/948/2022, poderá ter en conta a opinión das comunidades autónomas correspondentes a cada candidatura.

A Xunta encargou o informe técnico ao nodo galicia en cumprimento do mandado recibido do Parlamento de Galicia, que aprobou por unanimidade de todos os grupos políticos “impulsar as actuacións necesarias para promover que a Comunidade Autónoma de Galicia presente unha candidatura para albergar a futura sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial”.

No marco deste mandado unánime, ademais da elaboración deste informe, o nodo conseguiu o apoio para unha candidatura galega de máis de 70 institucións e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresas, entre as que se atopan grandes tecnolóxicas como Amazon Web Services, Microsoft ou Google Cloud.

A aposta da Xunta pola vertebración territorial a través das tecnoloxías

Galicia é unha das tres primeiras comunidades autónomas de España en contar cunha Estratexia de intelixencia artificial (EGIA) que prevé un investimento per cápita en intelixencia artificial superior ao da media da UE27. Galicia é tamén pioneira en afrontar o desafío de analizar o impacto ético da aplicación das tecnoloxías de IA no seu territorio, o que permitirá facer os cambios necesarios para adaptar a lexislación galega a esta nova realidade.

A presenza da AESIA contribuiría a avanzar no posicionamento de Galicia no eido da intelixencia artificial, tanto en España como en Europa. Tamén axudaría a mitigar os efectos do contexto demográfico en Galicia: loita contra o despoboamento, xeración emprego e fomento da presenza do sector público estatal en Galicia. Ao mesmo tempo, aceleraría a consolidación dos ecosistemas económico e de investigación da nosa Comunidade.

A Estratexia Galicia dixital 2030 (EGD2030), como a Estratexia galega de intelixencia artificial, son planificacións autonómicas que teñen como máxima aproveitar o potencial e capacidades de todo o territorio. Así, a Xunta apostou por vertebrar dixitalmente Galicia, promovendo o desenvolvemento de infraestruturas dixitais con diferentes localizacións no territorio, liña en que se seguirá avanzando co desenvolvemento dos diferentes programas en marcha na EGD2030 e os fondos do PRTR. É o caso da aposta da Xunta de Galicia pola Cidade das TIC na Coruña; o novo Data Center e o novo supercomputador do Cesga en Santiago de Compostela; o Centro de Excelencia en Ciberseguridade e o Centro de Innovación en FP en Ourense; o Laboratorio 5G e o Polo de Tecnoloxías Cuánticas en Vigo; e o Polo Aeroespacial de Rozas en Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA DEPURADORA DE SADA, CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 10,3 M€

- A actuación permitirá incrementar o volume de depuración, minimizar os actuais problemas de verteduras en tempo de choiva e tratar todas as augas residuais xeradas no municipio nun escenario futuro
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, licitará as obras este mes de novembro, co obxectivo de poder iniciar os traballos no segundo semestre de 2023, cun prazo de execución de 33 meses
- A Xunta executará e financiará integramente as actuacións no marco dunha colaboración co Concello de Sada, que poñerá á disposición os terreos e a conservación das novas instalacións
- As obras realizaranse en 2 fases para garantir en todo momento o funcionamento da depuradora municipal
- A nova planta de tratamento de augas residuais de Sada está deseñada para atender as necesidades dunha poboación de 24.393 habitantes no ano horizonte 2044 e unha achega industrial de 6.070 habitantes equivalentes

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras necesarias para ampliar a capacidade e mellorar o funcionamento da estación depuradora de augas residuais de Sada, cun investimento autonómico de máis de 10,3 millóns de euros.

O obxectivo desta intervención da Xunta é dotar a instalación hidráulica municipal de capacidade para tratar os volumes de auga almacenados na rede, minimizar os problemas actuais de vertedura en tempo de choiva e depurar todas as augas residuais xeradas no municipio nun escenario futuro.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, licitará neste mes de novembro a contratación conxunta da redacción do proxecto e da execución das obras necesarias para adecuar a capacidade de tratamento da depuradora ás necesidades actuais do sistema de saneamento municipal, co obxectivo de poder inicialas no segundo semestre do 2023.

Na contratación das actuacións establécese o prazo de 3 meses para a redacción do proxecto construtivo, 10 meses para executar a primeira fase das obras, 11 meses para a súa posta en marcha e execución da segunda fase, e 9 meses para a posta en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

funcionamento desta segunda fase. O conxunto total dos traballos conta cun prazo estimado de 33 meses.

O inicio da tramitación da licitación desta intervención no municipio coruñés enmárcase na colaboración técnico-financeira autorizada polo Executivo autonómico no Consello da Xunta do pasado día 27 de outubro. Mediante ese acordo, o Goberno galego asume integramente o financiamento e execución das obras, comprometéndose o Concello de Sada á posta á disposición e xestión dos terreos, a recibir as obras, así como ao mantemento e conservación das instalacións executadas.

Os traballos estarán cofinanciados pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

As obras que se van executar

Coa autorización hoxe da licitación das obras de ampliación e mellora da depuradora de Sada impúlsase unha actuación recollida como prioritaria no Plan director de saneamento neste municipio coruñés, para a mellora dos sistemas de saneamento e depuración na ría de Ares-Betanzos.

Trátase de solucionar a problemática actual da depuradora de Sada, que non dispón neste momento de capacidade hidráulica para xestionar os caudais xerados.

As obras, que se executarán na mesma parcela que ocupa a estación depuradora actual, incluírán os traballos previos necesarios para manter o servizo de depuración existente durante as dúas fases de construción previstas.

A primeira fase desta obra incluírá a instalación dunha nova arqueta de repartición aos pretratamentos, a construción dunha nova liña de pretratamento, a modificación do primeiro reactor para a súa conversión nun tratamento biolóxico de leito móbil, e reforma provisional da liña de lamas.

Unha vez executadas estas infraestruturas, procederase á posta en marcha do proceso MBRR, pertencente á categoría de procesos biolóxicos usados no tratamento de augas residuais, e darase inicio á seguinte fase.

Nesta segunda fase da obra, construírse a segunda liña de pretratamentos, procederase á reconversión do segundo reactor biolóxico a MBRR, á implantación de novos decantadores de tipo lamelar, e a reforma final da liña de lodos. Tamén se inclúe a electricidade e o automatismo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Durante toda a execución das obras garantirase o funcionamento da planta de tratamento de augas residuais e ao remate procederase á demolición de todas as infraestruturas que queden fóra de servizo.

Con estas obras, a nova planta de tratamento de augas residuais de Sada quedará dimensionada para atender as necesidades dunha poboación de 24.393 habitantes no ano horizonte 2044 e 6.070 habitantes equivalentes en achega industrial. Deste xeito, a depuradora deséñase para que poida tratar unha contaminación equivalente a máis de 30.000 persoas, para facer fronte ás necesidades de poboación fixa e estacional que reciba e da industria.

Mapa de localización da zona do proxecto:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA A SEGUNDA FASE DE TERRITORIO CULTURA, CO QUE XA SUPERA OS 1,2M€ PARA AMPLIAR A OFERTA E O TECIDO CULTURAL NO RURAL

- O Consello aproba a nova quenda das bases destas subvencións, por 661.000€ destinadas a continuar co incremento e a diversificación culturais en concellos de ata 30.000 habitantes e cunha densidade máxima de 100 hab./km²
- Dáselle continuidade así á primeira convocatoria deste mesmo programa, do que xa se están a beneficiar 14 proxectos dunha ampla variedade de manifestacións artísticas en preto de 40 municipios
- A principal novidade é que se favorecerá aínda máis a actividade e proxectos xurdidos da iniciativa privada, tendo en conta a súa incidencia na profesionalización

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases da segunda fase do programa Territorio Cultura, unha nova liña de axudas creada este ano para incrementar a oferta cultural no rural e reforzar o tecido económico que a sustenta. Destínanse case 661.000 euros a esta última convocatoria que, sumados á dotación da anterior xa resolta en setembro, supoñen unha contía total de preto de 1.256.000 euros para esta iniciativa.

Nesta segunda quenda, a prioridade de Territorio Cultura continúa a ser a ampliación da actividade cultural no rural galego, entendida esta como motor de cambio, dinamización e transformación social. Ao tempo, búscase activar procesos culturais que afonden nos vínculos individuais e sociais co territorio, ofrecendo novas oportunidades laborais, estables e de calidade no eido cultural.

Tamén é o mesmo o perfil dos concellos destinatarios dos proxectos, de non máis de 30.000 habitantes e cunha densidade máxima de 100 hab./km², así como a tipoloxía de accións subvencionables: eventos e espectáculos nunha ampla variedade de manifestacións artísticas, propostas que favorezan a experimentación, a investigación e a innovación cultural cunha concreción práctica no territorio, actividades relacionadas co patrimonio inmaterial en conexión coas tendencias contemporáneas e accións educativas e de mediación cultural.

Máis dotación para a iniciativa privada

Do mesmo xeito que na anterior, a nova convocatoria volve establecer dúas categorías de destinatarios: dunha banda, persoas físicas e xurídicas e, doutra, concellos e organismos dependentes, pero a principal novidade nesta ocasión reside nunha maior intensidade na reserva da dotación para a primeira delas (400.000 euros fronte aos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

260.986 para as entidades locais). Con isto preténdense favorecer aínda máis a actividade e os proxectos xurdidos da iniciativa privada, tendo en conta a súa maior incidencia na profesionalización do sector.

Para a primeira modalidade, o importe máximo da subvención será do 80 % do proxecto, mentres que na segunda se sitúa no 70 %, cun límite en ambos os casos de 50.000 euros por persoa ou entidade beneficiaria.

Os proxectos que resulten beneficiarios desta segunda fase terán que se desenvolver entre o 1 de xaneiro e o 31 de agosto de 2023, o que supón que poderán convivir ata o 31 de marzo cos xa adjudicados na primeira quenda. Neste sentido, cómpre destacar tamén que os responsables das propostas que xa están en marcha no marco de Territorio Cultura teñen a posibilidade de volver presentarse á nova segunda fase e continuar así coa súa realización. Tras a próxima publicación das bases no DOG, abrírase un prazo dun mes para a presentación de solicitudes.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades puxo en marcha esta canle de apoio ao abeiro do Mecanismo europeo de recuperación e resiliencia dos fondos NextGenerationEU, de xeito que a Xunta de Galicia foi a primeira Administración autonómica de todo o Estado en deseñar e facerlle chegar á cidadanía este programa.

Proxectos xa en marcha en 40 concellos

Coa adjudicación da primeira parte de Territorio Cultura o pasado mes de setembro, a Xunta de Galicia está xa a cofinanciar 14 proxectos de dinamización cultural no rural galego, posibilitando así unha ampla variedade de iniciativas de creación, investigación, difusión e formación en cinema, música, artes escénicas, literatura ou artes plásticas, entre outros ámbitos, que se levan a cabo en diferentes núcleos rurais de preto de 40 municipios.

A través da categoría destinada á iniciativa privada, apóianse sete proxectos: a programación expandida do Festival dos Eidos, organizada pola Fundación Uxío Novoneyra en Folgoso do Courel, con recitais poéticos, exposicións, rutas culturais, obradoiros, estreas audiovisuais e unha residencia literaria; as accións formativas e eventos de *Audacia* Cultural en Abadín e Mondoñedo para favorecer a innovación profesional, a creatividade e o emprendemento neste sector; a rede 5x5 de aulas de teatro en cinco dos municipios do Camiño de Santiago (Allariz, Boqueixón, Lalín, Mazaricos e Silleda); o programa de residencias, formación e ciclos culturais no espazo de creación A Casa Vella, en Amiadoso (Allariz); o proxecto de produción en arte

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contemporánea *Vilaseco na aldea*, cos obradoiros, encontros e residencias que a galería Vilaseco desenvolve na aldea chantadina de San Cristovo de Mouricios; *Aldearmos*, proxecto cooperativo en que participan 15 entidades das provincias de Lugo e Ourense que integran a Rede Aldear para xerar sinerxías entre os axentes socioculturais do interior galego; a proposta *A ollada de Gustav*, da compañía escénica aAntena, cunha vintena de actividades en 14 concellos do Camiño para poñer en valor o acervo cultural local a partir do traballo do antropólogo danés Gustav Henningsen en Galicia. O ciclo *Ourizofest* de seis concertos de cámara e outras accións paralelas en Castroverde, Friol, Guntín, Palas de Rei, Samos e Portomarín, tamén adxudicatario, renunciou finalmente a participar nesta primeira fase.

En canto á modalidade dirixida ás entidades locais, os beneficiarios foron os concellos da Estrada para o seu proxecto de descentralización cultural na contorna rural; Vimianzo para o programa *A Costa da Vida*, que busca a implicación da veciñanza e de diferentes asociacións do municipio na dinamización sociocultural; Vedra para dotar dunha nova identidade cultural e visual o espazo da estación e contribuír, deste xeito, a revitalizar toda a zona; Chantada para as actividades do *Verán cultural*; Portomarín para conxugar danza e literatura en *Portomariñeando: tecer libros e bailar*; Frades para a posta en marcha do Centro de Cultura Tradicional, e Monforte de Lemos para a organización dos seus circuitos de artesanía e música galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA QUE AS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL SE ACOLLAN AOS PREZOS PÚBLICOS DE COMEDOR

Este investimento permitirá que as familias con nenos nestes centros paguen acorde á súa renda. O prezo máximo que terán que aboar será de 74 euros. As familias con menos recursos terán o servizo gratuíto

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova orde de axudas destinada ás escolas infantís de iniciativa social, aquelas que son titularidade de entidades sen ánimo de lucro. A nova liña de axudas, con 1,2 millóns de euros, permitirá financiar os comedores destes centros, que se acollerán aos prezos das escolas de titularidade pública autonómica.

Grazas a esta orde, que en vindeiros días sairá publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), as familias con nenos nestes centros pagarán o comedor en función da súa renda. Polo tanto, como máximo terán que aboar 74 euros. Por outra banda, as familias con máis dificultades terán o servizo gratuíto.

Deste xeito, a Xunta de Galicia procura continuar axudando ás familias que acoden a unhas escolas cunha longa tradición e unha ampla traxectoria. Cómpre recordar que estes centros, de igual xeito que os públicos e privados, teñen unha atención educativa gratuíta para todo o seu alumnado, medida pioneira posta en marcha polo Goberno galego.

Axudas ás familias

Esta iniciativa histórica, á que a Administración autonómica destina máis de 50 millóns de euros, permite que unhas 31.000 familias galegas aforren entre 1500 e 2000 euros ao ano por fillo. Neste eido destacan outras medidas como a Tarxeta Benvida, o Bono Coidado, ou as casas niño.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DEMÁNDALLE POR CARTA A SANCHEZ QUE O CUMIO IBÉRICO PRIORICE AS INFRAESTRUTURAS QUE CONECTAN GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL COMO O AVE VIGO-PORTO

- Anuncia que esta petición de prioridades se lle fará chegar "inmediatamente e por escrito" para que chegue a tempo antes de que se celebre a XXXIII Cimeira Ibérica, na que "lamenta" que o Goberno central non atopase "o xeito" de que participase Galicia, "unha comunidade cunha relación tan estreita con Portugal"
- Defende que a conexión de alta velocidade ten que ser unha "prioridade" xa que fundamental para mellorar a competitividade da Eurorexión
- Entre as prioridades da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal tamén sitúa o apoio á elaboración do Estatuto do traballador transfronteirizo

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe, tras a reunión do Consello, que lle vai demandar "inmediatamente e por escrito" ao presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, que a XXXIII Cimeira Iberica -que se celebra mañá en Viana do Castelo entre os gobernos de España e Portugal- "priorice" reforzar a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal, sobre todo no que se refire ás infraestruturas que conectan ambos os territorios, citando expresamente á conexión de alta velocidade entre Vigo e Lisboa.

"Queremos que sexa unha realidade", remarcou o mandatario galego, quen manifestou a "preocupación do Goberno galego pola inconcreción" manifestada polo Goberno central. "Din que si, pero ao mesmo tempo din que non hai présa", censurou ao tempo que se amosou crítico coa anualidade para 2023 de 30.000 euros dos Orzamentos Xerais do Estado para esta obra. "Isto e nada é o mesmo", esgrimiu.

Rueda lembrou que o Goberno galego leva reclamado de forma reiterada ao Executivo estatal que se comprometa coa liña de alta velocidade entre Vigo e Porto para impulsar a competitividade e as sinerxías entre Galicia e Portugal, do mesmo xeito que está a facer o Goberno portugués. Por iso, insistiu na necesidade de que o Goberno central impulse a saída sur de Vigo que segue co estudo de alternativas e sen planificación orzamentaria para a súa execución.

Ademáis, a Xunta pide que mentres non avancen as obras do AVE Vigo-Lisboa, se garanta e mellore o funcionamento do tren Celta entre Vigo e Porto é haxa outras melloras nas infraestruturas viarias coma: a conexión transfronteiriza por estrada por Macedo de Cavaleiros ata a localidade ourensá da Gudiña, ademais dun acordo internacional entre os dous países, España e Portugal, para o impulso e avance dunha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

autovía internacional que comunique Celanova e Portugal e a construción dunha ciclovía na ponte internacional da Eurocidade Salvaterra-Monção.

Por outra parte, o presidente da Xunta lamentou que non se invite aos Gobernos das comunidades limítrofes a este cumio. "Entendemos que as comunidades fronteirizas e cunha relación tan estreita – como é o caso de Galicia- deberíamos estar representadas neste encontro de alto nivel", argumentou. De feito, entre as demandas hoxe acordadas no Consello de cara a este cumio ibérico, está apoiar a proposta para que os presidentes das rexións transfronteirizas -tanto comunidades autónomas como a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N)- poidan estar presentes nos cumios luso-españóis pola súa relevancia nas áreas abordadas nestes encontros.

Avances no Estatuto do traballador tranfronteirizo

A Xunta e a CCDR-N reclaman tamén avances no futuro Estatuto do traballador transfronteirizo acordado en xuntanzas anteriores pero aínda non implantado e co que se pretenden mellorar as condicións de traballo e a mobilidade dos traballadores da raia. Este asunto é de especial relevancia para a Eurorrexión, tendo en conta que concentra máis da metade do tráfico de vehículos de toda a fronteira hispano-lusa con máis de 14.000 traballadores transfronteirizos. Nesta liña, Galicia e o Norte de Portugal confían en que se dea continuidade á decisión do Cumio de Trujillo (Cáceres) do ano pasado no canto da proposta do Goberno español de substituílo por unha guía informativa de maior complexidade xurídica.

Tamén se avoga por crear un réxime excepcional para a mobilidade dos vehículos dos traballadores transfronteirizos e simplificar a mobilidade de menores de idade que cruzan a fronteira para intercambios culturais, deportivos ou educativos.

Ademais, solicítase impulsar a promoción turística do Xacobeo e do Camiño Portugués, xunto coa ampliación dos ámbitos de cooperación entre entidades do sistema científico e tecnolóxico da Eurorrexión, e a creación de sinerxías nos distintos eidos asociados á transición enerxética, á economía azul, á xestión forestal ou a xestión conxunta de áreas transfronteirizas como a Reserva da Biosfera Gerês-Xurés.

O Goberno galego confía en que a maior parte destas reclamacións expostas pola Eurorrexión queden reflectidas tamén nas conclusións do XXXIII Cumio Ibérico de mañá.

Por outra banda, xa se está a traballar na preparación da participación da Eurorrexión en proxectos conxuntos con que optar aos fondos do Programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. Este POCTEP VI-A suporá un investimento de máis de 427M€, un 11 % máis que no anterior período, 2014-2020, no que a Eurorrexión Galicia-Norte de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Portugal mantivo o liderado na captación de fondos no contexto da fronteira hispano-portuguesa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

